



"Vivimos nun momento dunha instantaneidade tan tremenda que altera os nosos estados de ánimo"

[Ana G. Liste](#) 3 de setembro de 2022

<https://praza.gal/cultura/vivimos-nun-momento-dunha-instantaneidade-tan-tremenda-que-altera-os-nosos-estados-de-animo>

PREGÚNTOME / se ela tamén se deixou sentir o azar, / se houbo neses ollos algo de explosivo.

Arancha Nogueira (Ourense, 1989) publicou este ano o poemario *Antese* na Editorial Galaxia despois de recibir o XIII Premio de poesía Victoriano Taibo, convocado polo Instituto de Estudos Miñoráns. Nel hai tics azuis, un big bang de margaridas, listas de Spotify, ollos mudos e mans de plumas. Hai unha vontade clara de que perdure o que foi o cotiá no peor da pandemia, pero non só. Hai tamén unha escolma de momentos nunha relación entre filla e nai, e entre filla e todo o demais. Conversamos coa poeta en conexión desde o océano Atlántico co mar Adriático antes de que remate o mes de agosto.

Onde estás?

Estou en Zagreb, na capital de Croacia, pero o meu campamento base durante este mes está en Split, unha cidade do sur do país onde estou facendo unha residencia literaria.

Como é esta residencia?

Na miña experiencia, as residencias literarias nas que estiven foron moi distintas, cada unha cun concepto. Esta, particularmente, consiste en que estea eu soa durante un mes, aquí en Croacia, para escribir. Pode soar como que non ten moito sentido, pero realmente si que o ten porque ben sabemos –as persoas que creamos– que ás veces simplemente atopar ese espazo para o proceso de creación nas nosas vidas cotiás é moi difícil. Ao final, estas residencias garanten un tempo destinado á creación. Eu enviei un proxecto que agora estou desenvolvendo.

Un programa que pertence á Residencia Literaria 1863, que dirixe Yolanda Castaño.

Yolanda Castaño, ademais de gran poeta, é unha grandísima xestora cultural. Creo que podo dicir tanto eu, como o 90% das miñas compañeiras escritoras galegas, que é grazas a ela que estamos tendo moitísimo traballo de exteriorización da nosa literatura. Na Residencia Literaria 1863 da Coruña trae a escritoras doutros países para que coñezan Galiza e tamén fagan lecturas e eventos

en Galiza, e tamén se encarga de organizar estas residencias nas que autoras galegas poidamos ir a outros sitios. Ao final non é bo só para nós individualmente, se non que o é para todas porque conseguimos que a literatura galega se coñeza alén das súas fronteiras.

Chegas e tes que desenvolver un proxecto que xa debullaches previamente, pero estando nun lugar onde todo é novo para ti. Como o estás facendo?

O que está pasando é que o propio proxecto está mudando un pouco. Non mudou o estilo porque vin aquí cun proxecto de autoficción. E si que é certo que o que está xurdindo segue a ser autoficción, pero eu tiña unhas liñas marcadas nas que tamén quería mesturalo un pouco co ensaio, e iso non está pasando porque a escrita está indo por outra parte. O obxectivo desta experiencia tamén é que nos deixemos permear e transformar polo sitio onde estamos. Estando aquí estou vendo outras cousas e vivindo outras experiencias que están a transformar a miña escrita.

Ademais, estás desenvolvendo esta residencia a piques de que iniciar unha nova etapa na túa vida, como o levas?

Está sendo un momento de moitísimos cambios e creo que os momentos transicionais sempre favorecen un pouco que teñamos ideas novas. Aquí estou escribindo moi pouco pero, sobre todo, estou tendo moitas ideas que, ao final, é de onde parten os procesos creativos. Non se pode escribir se non se teñen ideas. Veu todo moi seguido, supoño que as etapas vitais son un pouco así, que ás veces cando vai todo mal parece que todo é así e cando as cousas van ben moitas veces tamén vai todo xunto. Entón, si. Estou tendo a residencia e tan pronto chegue de volta a Galicia comezo traballar de profesora de Lingua e literatura galega nun instituto de Cambados. De feito, souben o destino definitivo estando xa en Croacia. Estou súper contenta porque aínda que traballei e fixen moito esforzo, as oposicións tamén teñen un elemento de sorte moi grande.

O traballo de profesora –que a esta altura semella un tanto deostado– ten unha responsabilidade moi elevada tamén por esa influencia que podes exercer. Ao final, todas lembramos aos profes que nos aportaron algo...

E tanto, hai profes que temos ao longo da nosa formación que nos marcaron, que nos abriron portas a cousas que agora mesmo son importantes nas nosas vidas, que nos fixeron confiar en nós mesmas e nas nosas capacidades... Creo que, ademais, falamos de etapas de aprendizaxe moi importantes a nivel formativo e persoal. Si que é un traballo que ten moita responsabilidade, pero que tamén pode ser moi agradecido.

Ti que es moi activa nas redes sociais, dirías que as redes son unha forma máis de comunicarse ou máis de mostrarse?

Supoño que en como nos mostramos tamén hai unha forma de comunicación, non? Cando menos de intencionalidade e de crear unha parte da nosa identidade. Isto é algo sobre o que reflexiono moito: somos o que somos, somos o que proxectamos ou somos o que outras vén de nós? Ao final sempre chego á conclusión de que somos un pouco unha mestura de todas: do que somos, do que queremos ser, do que o resto concibe de nós e do que nós tamén proxectamos. O que non cabe dúbida é que o tema da identidade –con todo o que significa, pois non deixa de ser o gran tema do mundo– nestes momentos se ve afectado por como nos comunicamos co resto e como o plasmamos no exterior. Teño recibido moitos comentarios sobre o uso das redes na miña poesía e da maneira na que están presentes, e realmente creo que vivindo neste mundo

sería un pouco hipócrita non introducilas dalgunha forma. Penso que esa forma que temos de desenvolver a nosa identidade –a través das redes– ten que estar presente. Non cabe dúbida de que o contexto nos inflúe a todas, é o natural.

No teu último poemario, *Antese*, hai un diálogo entre nai e filla que por momentos non precisa nin palabras e tamén unha comunicación cun 'ti' externo que non sabemos se é bidireccional. Como cando dis *ólloa coa miopía dunha filla* ou nese *Cursor → abrir → navegador → nova pestana → webwhatsapp/ [ti]/ emoji da margarida (dobre tic azul)*. Que tan especial é a relación nai / filla que atravesa todos os momentos, non?

Absolutamente, antes dicía que o gran tema da humanidade é a identidade e aí, mesmo facendo parte, está a relación maternofilial, que ao final nos configura desde o comezo da nosa vida e ata o final da mesma. Hai unha canción de La Bienquerida que di *"todo el mundo tiene una infancia"*, e é verdade. Polo tanto, todo o mundo ten unha nai, independentemente das circunstancias, de que estea presente nese momento ou non. Creo que non fago unha procura voluntariosa das nais e das fillas cando escribo, simplemente aparecen. É un tema que todas temos aí, que moitas veces nos axuda a vernos nun espello, ou mesmo a configurar o que queremos ser de forma diferente. Ao final, as nosas nais son os nosos primeiros modelos do que queremos e do que non. Tamén penso que, ao longo da vida, levamos a cabo –polo menos, eu– un proceso de reconciliación con eses modelos. Imos comprendendo que esas nais que de pequenas pensabamos perfectas e absolutamente totémicas, tamén son criaturas coma nós, que o fan o mellor que poden, que ás veces se trabucan e que poden compartir con nós os mesmos medos e anhelos aínda que sexa –tal vez– con códigos distintos.

En que circunstancias foi concibido este *Antese*?

Concibino no confinamento estrito, mais cando máis escribín foi no período das fases no que se podían ir facendo cousas pouco a pouco. Despois houbo un proceso de re-escrita naquel segundo confinamento despois do verán, cando volveran as restricións. Para min foi moi duro, parecía que volvía a normalidade e non foi así. Nese momento fixen unha re-escrita que penso que –particularmente na poesía– o muda todo. Si que é un poemario pandémico total.

Algo dese encerro da pandemia percíbese nos poemas. Como cres que serán lidos estes versos pandémicos dentro de trinta nos?

Créame moita curiosidade. Primeiro que ogallá se sigan lendo en trinta anos, sexa como sexa. Penso que esa lectora hipotética de dentro de trinta anos atopará algunha referencia e algunha ligazón co seu contexto dese momento porque é certo que nós o asociamos coa pandemia, porque esa é a súa verdadeira orixe e o que nós temos máis preto, pero penso que eses sentimentos de precisar liberdade, de irse construíndo dentro dun espazo que nós mesmas non escollemos mais no que temos que estar... Son cousas bastante universais, penso que poderán ser lidas fóra do contexto pandémico.

Hai un código nos teus poemas que nos devolve ás redes sociais, momentos nos que aparece, así entre paréntese ao comezo dun poema, (*dobre tic azul*). Isto, no fondo, é un estado de ánimo, verdade?

Totalmente. Como dicía antes das redes, creo que a mensaxería instantánea mudou por completo como nos relacionamos e como se relaciona o mundo con nós. Aféctanos. Reflexiono moitas veces sobre os nosos avós, ou incluso antes, que pasaban meses sen saber da súa parella ou da súa familia, e se escribían unha carta que tiña que perdurar, esa carta tiña que

necesariamente non caducar en moito tempo. Porén, agora vivimos nun momento dunha instantaneidade tan tremenda que iso tamén altera os nosos estados de ánimo. Non creo que sexa para ben nin para mal, pero crea novas situacións.

Levalo ao poema, se coñeces o código, tamén modifica a maneira na que recibes o texto.

Pois é que as lecturas que recibín de xente que ao mellor non está tan próxima a ese código son que é a parte que menos lles gusta do poemario. Como que non conciben crear un vínculo entre o resto dos versos que están escritos e esa parte do dobre tic azul e das redes, cando realmente hai unha interrelación evidente en todo o libro. Causoume certa sorpresa ver como hai cuestións que son universais e todo o mundo comprende, pero hai outras que teñen máis que ver co código que coa mensaxe, que si que crean certa fricción en segundo que lectoras.

Porque é unha novidade levalo á poesía?

Cando eu escribín non tiña en mente facer algo moi vangardista, pero si que é certo que non o teño visto a miúdo. Estou certa de que eu tamén vou ver cousas en escritos de xente máis nova ca min, e que xa emprega códigos distintos aos meus, que me van chocar. Pero creo que estar vivo no momento presente consiste en asumir que hai cousas que están acontecendo, códigos que se están creando e formas de relacionarse co mundo que son incipientes e das que non sempre imos participar. Pero é *chulo* que iso estea na arte. Ao final, para min é isto do que se trata. A miña poesía pretende facer do cotián o universal.

Falando do cotián, a música está moi presente na túa poesía –e en concreto neste *Antese*– porque tamén o está –ou así o semella a través das redes sociais– no teu día a día?

Reflectir o cotián para min tamén ten que ver con pórllle banda sonora. Eu adoro a música, é algo que nos acompaña e que crea as nosas propias escenas de vida. Igual que as escenas nos filmes moitas veces non terían sentido se lles quitamos a música, creo que no filme que cada unha de nós protagonizamos moitas escenas tampouco terían sentido sen música. As que gozamos da música temos a sorte de que podemos levala con nós a todas partes e iso fai que penetre por completo nas nosas vidas. E como penetra nas nosas vidas, eu quero que o faga tamén na nosa arte porque é o que me gusta. A música nestes poemas está moi presente e tiven moi claro que quería rachar cos estereotipos de que tipo de música parece que se pode citar na poesía, porque hai certos estilos e certos artistas que parece que lle acaen mellor a este xénero, pero que a música máis popular non se relaciona tanto co poético. As listas de Spotify están con nós na nosa vida e eu quería que estivesen tamén no libro.

En *Antese* hai unha referencia constante ao feito de non descoidarse, é unha forma de transmitir esa tiranía de facelo todo ben?

Creo que en todo o poemario hai unha tensión –ou cando menos eu pretendín creala– que acompaña a tensión entre a nai e a filla, que é a tensión entre esa perfección imposta (ou autoimposta), esa necesidade de facelo todo ben, de non saír do carreiro e, ao mesmo tempo, a posibilidade do erro e da imperfección como unha forma de liberdade. Relacionando todo isto co silencio, que tamén está moi presente no libro. Parece que esa perfección tamén pide certa discreción, certo silencio, que –ao mesmo tempo– é algo que para min está moi relacionado co xénero: ás mulleres parece que sempre se nos require que sexamos discretas e caladas, que non fagamos moito ruído, que non molestemos, que non ocupemos demasiado... No libro está esa tensión entre iso aprendido (esa necesidade de perfección) e, por outra parte, unha pulsión cara ao erro como unha forma case de rebeldía.

Con *Antese* recibiches o premio Victoriano Taibo en 2021, antes obtiveches o Johán Carballeira en 2019 con *Dente de leite* (Xerais) e o Francisco Añón en 2013 con *Andar descalza*. Que supoñen para ti os premios de poesía?

Entendo perfectamente algunhas críticas que se fan ao sistema de premios, aínda que penso que o criticable é máis ben que o sistema dependa dos premios. Evidentemente, un sistema literario normalizado (ao que aspiramos) non tería que depender necesariamente dunhas convocatorias públicas. Pero si que é certo que, na miña experiencia e na de moitas compañeiras ás que admiro, serviu de catapulta. Foi un empuurrón necesario para colocarnos en circuítos onde antes era imposible. Eu era unha rapaza de Ourense sen ningún contacto, ninguén da miña familia escribe, e a miña maneira de chegar onde estou agora foi grazas aos premios. Os premios achegáronme ás lectoras tamén pola posibilidade de publicar en editoras como Xerais ou Galaxia, coas que chegas a máis xente. Eu creo que teño que agradecerlle aos premios ter unha carreira literaria, o que sinto é agradecemento. E, ademais, coa parte en metálico contribúen a que poidamos ser un pouquiño menos precarias. O normal non é poder estar en Croacia como estou eu agora, normalmente un escribe e compaxina iso con varios traballos. É necesario pór o foco sobre a necesidade que temos as escritoras de tamén ter cartos, e os premios axudan nese aspecto.

Que vai pasar co que escribas agora en Croacia?

Aínda non podo dicir moito, só que é narrativa e autoficción, que é algo do que tiña moita gana. Logo veremos onde vai, que aínda está nunha fase moi de xestación. Espero que o resultado do que estou facendo aquí poida ser publicado nalgún momento, pero non teño ningún compromiso.